



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2015 da Consellería do Medio Rural e do Mar (DOG. núm. 6 do 12 de xaneiro de 2015)

Finalidade das axudas, contías e límites

1. Liñas de actuación:

a) **Asistencia técnica aos apicultores.**

1º. **Contratación de técnicos e especialistas para a información e asistencia técnica aos apicultores das agrupacións apícolas.** O importe máximo da axuda nesta liña por agrupación non superará os 42.000 euros.

2º. **Cursos e xornadas de formación técnica aos apicultores organizadas polas agrupacións de apicultores.** Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

3º. **Sistemas de divulgación técnica.** Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

b) **Loita contra a varroase:**

1º. **Adquisición de tratamentos quimioterápicos e/ou tratamentos compatibles coa apicultura ecolóxica contra a varroase.** Subvención ata o 80 % do seu custo.

2º. **Sobrealimentación das colmeas,** renovación de cera mediante a adquisición de láminas de cera e adquisición de fondos sanitarios. Subvención ata o 50 % do seu custo.

c) **Racionalización da transhumancia:**

1º. **Adquisición de material para a identificación de colmeas e cadros.** Poderá subvencionar ata o 70 % do seu custo.

2º. **Adquisición de medios de transporte e manexo das colmeas.** Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

3º. **Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e carreiros.** Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

4º. **Subscrición de seguros de danos propios e responsabilidade civil das colmeas,** Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo cun límite de 0,5 € por colmea asegurada.

Os gastos e investimentos obxecto da axuda deberán ter sido realizados no período comprendido entre o 1 de setembro do ano anterior a esta convocatoria e o 31 de agosto de 2015, ambos inclusive.

BENEFICIARIOS:

a) Aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención destas axudas estar inscrito no rexistro oficial apícola da Comunidade Autónoma, polo menos con anterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2014.

b) Cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia, integradas na súa maioría por apicultores que cumpran os requisitos da letra a).

PRAZO DE SOLICITUDE: O prazo para a presentación de solicitudes será dun **mes**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

+ INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150112/AnuncioG0165-261214-0008_gl.pdf

Dpto. formación e emprego –Casa do Concello de Boqueixón- O Forte S/N – 15881 Boqueixón (A Coruña)
Tlfn.981513061/emprego@boqueixon.com